


Razóns

polas que os
partidos políticos
deben impulsar o
Comercio Xusto



COORDINADORA ESTATAL DE
COMERCIO JUSTO

Co financiamento de:



8 Razóns polas que os partidos políticos deben impulsar o Comercio Xusto

1º Porque é unha ferramenta eficaz de loita contra a pobreza e as desigualdades

A pobreza é unha realidade complexa, consecuencia de múltiples factores. O comercio pode contribuír ao seu afondamento ou á súa diminución, cuestión que depende de se o centro da actividade comercial céntrase exclusivamente no aumento de beneficios ou se, como defende o Comercio Xusto, ten por obxectivo o desenvolvemento dos pobos e o coidado da contorna.

2º Porque supón cumprir cos compromisos internacionais que adquiriu o Estado



a través da Axenda 2030 para o avance dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). O Comercio Xusto é un aliado clave para o seu cumprimento porque contribúe ao avance de 9 dos 17 obxectivos acordados pola comunidade internacional en 2015. E, en concreto, ao obxectivo 12, que insta a todos os axentes públicos e privados a que contribúan a un modelo de desenvolvemento sostible.

3º Porque o Comercio Xusto fai posible o lema "pensa globalmente, actúa localmente"

ao ofrecer unha alternativa comercial que impacta positivamente nas organizacións produtoras, traballadores e traballadoras e persoas consumidoras de todo o planeta.

4º Porque promove un pago xusto,

que foi negociado e acordado mutuamente por todas as partes a través do diálogo e a participación continuos, que proporciona unha remuneración xusta aos produtores e produtoras, e que pode ser sostido polo mercado, tendo en conta o principio de igualdade de remuneración por igual traballo de mulleres e homes.




5º Porque é un modelo que leva décadas incorporando o enfoque de xénero



O Comercio Xusto dentro dos seus 10 Principios asume o compromiso coa non discriminación, a equidade de xénero e o empoderamento económico das mulleres. É a proba de que é posible desenvolver un modelo comercial e económico que non discrimine ás mulleres e que favoreza a súa participación e liderado, demostrando que investir no empoderamento das mulleres e o avance da igualdade non só é un dereito fundamental senón que, ademais, favorece o desenvolvemento social sostible.

7º Porque contribúe a crear unha cidadanía consciente, crítica e solidaria



Se queremos unha sociedade cohesionada e responsable, as administracións públicas nas súas diferentes competencias deben impulsar e apoiar activamente prácticas que contribúan a un maior coñecemento do Comercio Xusto e a súa importancia como alternativa comercial que prioriza os dereitos das persoas e o coidado do medio Xerando conciencia en torno ao papel que temos a cidadanía, non só como consumidores e consumidoras, senón tamén como suxeitos activos na construción dun mundo máis humano, xusto e sostible.

6º Porque incorpora criterios ambientais como principio



O principio número 10 do Comercio Xusto establece que as organizacións produtoras deben realizar prácticas respectuosas coa contorna natural e que minimicen os impactos ambientais.

8º Porque é un elemento clave dentro do modelo da Economía Social e Solidaria



O Comercio Xusto é un dos movementos que integran a visión da economía que pon ás persoas, o medio e o desenvolvemento sostible e sustentable como referencia prioritaria por encima doutros intereses.

